

Visita Educativa a Marcelle Natureza

- As excursións terán unha duración máxima de 5 horas.
- Non se admiten nin se permite a chegada dos grupos antes das 11:00, o horario será decidido e comunicado por cada grupo.
- Os nosos monitores reciben, organizan e acompañan aos grupos durante toda a súa estancia nas nosas instalacións. Aconsellamos que un profesor acompañe a cada grupo.
- A visita adáptase a cada idade e os monitores explican as características de cada animal (distribución, alimentación, morfoloxía, comportamento, costumes, curiosidades, lugar de procedencia, estado de conservación e ameazas que corre a especie, ecosistema no que vive...), como comportarse diante del e en qué consiste o traballo de enriquecemento ambiental que se leva a cabo con cada especie para mellorar as súas condicións ambientais en cativeiro.
- Unha parte da visita é a entrada á Reserva, unha zona de bosque autóctono, na que algúns dos animais presentes están en semi-liberdade. A duración é de media hora ou dunha hora segundo a etapa educativa.
- Se hai tempo suficiente, realizarase un taller ou actividade complementaria que o noso equipo decidirá o día anterior en función de factores como a climatoloxía, número de asistentes ou idades.